

1. Relación detallada dos materiais didácticos elaborados e dos documentos que se entregan (en soporte de papel e informático)

Os materiais didácticos máis importante xerados neste Proxecto empregando os programas anteriores, así como os documentos elaborados foron:

Caso 1: o grupo elaborou documentos do tipo: normativa da aula abalar, organización da aula abalar, protocolos de actuación, iniciación ó Linux para o profesorado ou alumnado, introdución ós elementos da aula abalar (EDI, servidor, espazo abalar,...)

Indicar o título na relación detallada e incorporar unha copia dixital no CD, na carpeta Materiais Elaborados

Caso 2: o grupo elaborou documentos de traballo para o profesorado do seu centro sobre elaboración de contidos coas ferramentas de autor (libros LIM, Ardora, WebQuest Creator, Jclic,...)

Indicar o título na relación detallada, algunha captura de pantalla, así como os obxectivos, contidos e nivel académico ó que se dirixe a proposta, unha guía de uso, e incorporar unha copia dixital no CD, na carpeta Materiais Elaborados

Caso 3: o grupo empregou como instrumento de traballo unha páxina web colaborativa (google sites, wiki, aula virtual moodle, páxina web en drupal, blog...), para as propostas de actividades durante o desenvolvemento do proxecto, seguimento, foro de traballo colaborativo entre profes e de dúbidas,...

Indicar na relación detallada o título da páxina, a súa xustificación e o enderezo web para acceder. No caso de aulas virtuais, permitir o acceso de convidados dende principios de xuño ata finais de xuño.

Caso 4: o grupo elaborou material ou unidades didácticas de aplicación na aula co software NoteBook do encerado dixital interactivo

Indicar o título na relación detallada, algunha captura de pantalla, así como os obxectivos, contidos e nivel académico ó que se dirixe a proposta, unha guía de uso e incorporar unha copia dixital no CD, na carpeta Materiais Elaborados

Caso 5: o grupo elaborou material ou unidades didácticas de aplicación na aula con propostas da web 2.0 (Glog, Blog, liñas de tempo interactivas, wiki colaborativas co alumnado,...

Indicar na relación detallada o título da páxina ou enderezo do blog, a súa xustificación e o enderezo web para acceder.

Caso 6: o grupo elaborou material ou unidades didácticas de aplicación na aula con outros recursos do software: vídeos con OpenShot, podcast con Audacity, etc)

Indicar o título na relación detallada, algunha captura de pantalla, así como os obxectivos, contidos e nivel académico ó que se dirixe a proposta, e incorporar unha copia dixital no CD, na carpeta Materiais Elaborados.

Caso 7: o grupo elaborou todo o material ou unidades didácticas de aplicación na aula en soporte páxina web drupal ou aula virtual moodle

Indicar na relación detallada o título da páxina, algunha captura de pantalla, a súa xustificación e o enderezo web para acceder. No caso de aulas virtuais, permitir o acceso de convidados dende principios de xuño ata finais de xuño.

Exemplo:

Título: Romanières francophones 2

Xustificación: aula virtual con material de apoio, actividades interactivas e foros de comunicación para 4º ESO. Recurso para o tema

Tipo: Aula virtual Moodle aloxada na plataforma do IES “San Paio”

<http://www.edu.xunta.es/centros/iessanpaio/aulavirtual/course/view.php?id=84>

Disponibilidade: permite acceso a convidados.

Podcast “Historia dun accidente”. Proxecto de Innovación en Normalización Lingüística.

Xustificación: páxina web con podcast elaborado en colaboración co alumnado como recurso de apoio no tema

<http://centros.edu.xunta.es/ieschapela/?q=gl/node/120>

Disponibilidade: páxina drupal do IES